

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE  
O DÍA 10 DE XULLO DE 2017.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dez de xullo de dous mil dezasete; as 10 horas da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebrar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Dona Maria López Touza, Don Javier Iglesias Sendín. Non asiste don Ricardo González Amaro.

Está presente o Secretario do concello Francisco Fernández Castro e o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado tres de xullo do dous mil dezasete (ordinaria)

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non hai.

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

-Escrito de don Roberto Picarella manifestando que é a súa intención poñer un establecemento de comida preparada para levar na Praza de Abastos de Ribadavia, concretamente está interesado nos postos , vacíos actualmente, situados na planta superior, entrando á esquerda entre a floristería e a carnicería, solicita se lle conceda permiso para establecerse nos postos sinalados.

-Escrito de don Cristian Ramírez Gómez solicitando certificación na que se faga constar o importe das axudas outorgadas ao Club Ribeiro CF para mantemento do campo de fútbol de San Cristovo, durante os últimos cinco anos.

-Escrito de don Breogán Fernández López , de data 30 de xuño de 2017, número de rexistro de entrada 3137, no que expón “ consulta a totalidade dos socios a posible modificación dos horarios pois a data 30-6-2017, o horario proposta é de 8:30-12:30,17:00-22:00, dito horario non foi consultado nin cotexado polos socios.” E solicita:” facer unha enquisa a totalidade dos socios para poder expresar a opinión dos mesmos” . A xunta de goberno acorda darlle traslado do informe emitido polo Director do Servizo Municipal de Deportes de data 3 de xullo de 2017.

-Escrito de Unións Agrarias –UPA do Ribeiro no que comunica que o próximo día 10 de xullo vai a colocar na entrada a Praza Maior do concello , o lado do Castelo dende as 10 ata as 12 horas unha mesa de recollida de sinaturas , coa que poder conseguir axudas para os viticultores afectados. A Xunta de goberno acorda trasladar o seu apoio e solidariedade.



-Escrito de don Cándido Vázquez Mosquera, en representación do Comité de Empresa do Concello de Ribadavia, no que solicita que “ se convoque a mesa de negociación para tomar acordos respecto do tema da antigüidade e recoñecemento de trienios, así como de outros asuntos de carácter relevante para os traballadores e traballadoras afectados. A xunta de goberno acorda comunicarlle que se convocará a maior brevidade posible.

-Escrito de don Brais Fidalgo, voceiro de RBC, no que expón: “ que por motivos persoais e profesionais non ten dispoñibilidade de participar en convocatorias municipais os martes en quenda de tarde e xoves en quenda de tarde-ata as 20 horas-, a excepción do último de cada mes que se corresponde co Pleno Municipal.” E solicita “ :

-se convoquen as Comisións Informativas de novo en horario de verán a partir das 20 horas( isto é para a convocatoria de xullo , setembro e outubro)

-Se convoquen xuntanzas, consellos municipais, comisións ou calquera outra xuntanza nos mesmos parámetros nos que se realizaron ata día de hoxe, isto é tendo en conta a dispoñibilidade para que os concelleiros e concelleiras de todos os grupos, poidan participar da vida orgánica municipal en pé de igualdade.

A xunta de goberno acorda que se falará a cuestión cos demais concelleiros e se hai unanimidade non hai problema en acceder ao solicitado.

-Escrito de don Máximo Daniel Rodríguez Alonso no que solicita “ a non intervención unilateral dos servizos de xardinería na Plaza Buján, especialmente os de desbroce. O coidado das zonas verdes pasará a mans dos veciños residentes na mesma Plaza Buján. A non utilización de produtos químicos na zona que poidan danar á especie animal protexida na praza Buján”Visto o artigo 25.2 da Lei de Bases de Réxime Local “ o concello exercerá , en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas , nas seguintes materias:b) medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos” e artigo 8.1 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público: “ a competencia é irrenunciábel e exercerase polos órganos que a teñan atribuída como propia” , o concello non pode sen incurrir en ilegalidade deixar de exercer as súas competencias en materia de limpeza na Praza de Buján; no relativo ao non uso de produtos químicos que poidan danar a especie protexida se tomarán as máximas precaucións posibles.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

- Escrito da Unidade de Policía adscrita á Comunidade autónoma de Galicia informando da existencia dun vertedoiro en Ribadavia en Insúa de Abaixo. A xunta de goberno acordar requirir aos que a policía autonómica identifica como propietarios do predio e darles traslado da acta de inspección formalizada e, requirir para que, no prazo de quince días dende a recepción da notificación, procedan a retirada do vertedoiro coa advertencia, en caso contrario, de incoar expediente sancionador por infracción a normativa autonómica de residuos.

- Escrito da Unidade de Policía adscrita á Comunidade autónoma de Galicia informando sobre os marxes de seguridade da estrada entre os pobos de San Estevo e Vilaverde , con maleza sen desbrozar , dificultando a visión e invadindo a estrada. A xunta de goberno acorda comunicarlle que dita estrada non pertence ao concello de Ribadavia, dado que se ubica no termo municipal de Carballeda de Avia.

- Escrito do Ministerio de Fomento autorizando o arranxo de avería na rede de saneamento na carretera N-120, P.K. 592,60 , marxe dereito. A xunta de goberno acorda darlle traslado a Aqualia.

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

Dase conta do Informe do Director do Servizo Municipal de Deportes da solicitude de instalacións deportivas para a tempada 2017-2017.

-Escrito do Director do Servizo Municipal de Deportes adxuntando horarios / turnos do persoal socorrista e monitor de natación responsables da prestación do servizo durante a tempada 2017 , e solicitando que lles sexa comunicado aos interesados. A xunta de goberno acorda comunicarlle o horario/ turnos aos interesados.

### **- CONTRATACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICO-DEPORTIBAS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DO CONCELLO DE RIBADAVIA**

Considerando que a Xunta de Goberno Local en sesión de 5 de xuño de 2017 acadou o seguinte acordo:

Constatado un erro nos pregos remitidos ás empresas dado que remitiuse o texto anterior ás últimas modificacións efectuadas polo Consello Municipal de Deportes, afectando aos criterios de valoración.

Visto o artigo 155 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público( 2 A renuncia a celebración do contrato ou o desestimento só poderán acordarse polo órgano de contratación antes da adxudicación. 4 O desestimento do procedemento deberá estar fundado nunha infracción non subsanable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación , debendo xustificarse no expediente a concorrencia da causa, o desestimento non impedirá a iniciación inmediata dun novo procedemento de contratación), a xunta de goberno por unanimidade acorda:

1-Desistir do procedemento de contratación iniciado para o contrato administrativo de xestión de actividades físico-deportivas do Consello Municipal de Deportes.

2-Aprobar un gasto por importe de 25000 euros, IVE engadido con cargo ao orzamento vixente para a primeira anualidade. Nas seguintes anualidades a contratación queda sometida á existencia de crédito acaído e suficiente no orzamento do concello de Ribadavia.

3-Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescripcions técnicas para a contratación coas modificacións introducidas no último Consello Municipal de Deportes.

4- Invitar ás mesmas empresas as que inicialmente se formulou a invitación co obxecto de que non sufran ningunha perda nas súas expectativas de dereitos como consecuencia dun erro administrativo que obviamente en nada lles resulta atribuíble.

Remitida invitación ás empresas Mouxió S, Gimnasio Trivesport, Maiescola XXI actividades, Eulen SA e Hugo Mojón Rodríguez.

Considerando que se presente oferta en prazo pola empresa Mouxió SL .

Visto o informe emitido polo Director do Servizo Municipal de Deportes no que se indica:

“ Mouxi3n S: o proxecto t3cnico e oferta econ3mica presentada polo licitador asustase ao recollido no Prego de prescripci3ns t3cnicas que rexe este contrato de prestaci3n de servizos.

Propondo a adxudicaci3n do contrato de xesti3n de actividades f3sico-deportivas do concello municipal de deportes , por un per3odo de dous anos, a Mouxi3n SL.

Tendo a empresa Mouxi3n SL aportado a documentaci3n acreditativa do cumprimento dos requisitos previos 3 que fai referencia o artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector P3blico.

Considerando que se requeriu a Mouxi3n SL, como licitador que presentou a oferta econ3micamente m3is ventaxosa, para que aportara a documentaci3n acreditativa de acharse ao corrente no cumprimento das s3as obrigaci3ns tributarias e coa Seguridade Social.

Visto que con data de 5 de xullo de 2017 a empresa Mouxi3n SL presentou os documentos xustificativos esixidos.

A Xunta de goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Adxudicar 3 empresa MOUXI3N SL o contrato de actividades f3sico-deportivas do concello de Ribadavia., coas melloras ofertadas con rexistro de entrada no concello n3mero 2728 de 14 de xu3o de 2017:

-Planificaci3n, organizaci3n, dese3o e aportaci3n do persoal necesario para o evento de Xornada de Fin de Tempada ( levarase a cabo unha xornada de confraternizaci3n de todos os usuarios que formaron parte das actividades programadas polo Polideportivo , tanto das actividades colectivas , como das Escolas e da Sala de Musculaci3n, podendo realizar, se fose posible , unha pequena exhibici3n de todo o traballado durante o curso.

-Ampliaci3n de horario na prestaci3n do servizo, dar3a comezo o 19 de setembro e rematar3a o 30 de xu3o.

SEGUNDO.- Dispor o gasto con cargo ao orzamento vixente de gastos por importe de 25000 euros IVE engadido.

TERCEIRO.- Notificar, nos termos previstos no artigo 1451.4 do Texto Refundido da Lei de contratos do sector p3blico , a adxudicaci3n aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

CUARTO.- Notificar a don Fernando Alonso Rojo , DNI 32472805, en representaci3n de Mouxi3n SL, , adxudicatario do contrato, o presente acordo e citarlle para a firma do contrato que ter3 lugar o d3a 17 de xullo en horario de ma3a.

**- SOLICITUDE DE SUBVENCI3N 3 COMUNIDADE AUT3NOMA DE GALICIA PARA A PROMOCI3N DA IGUALDADE, DE FORMA INDIVIDUAL E MEDIANTE O SISTEMA DE XESTI3N COMPARTIDA, CONFINANCIADAS POLO FONDO SOCIAL EUROPEO CON CARGO AO PROGRAMA OPERATIVO FSE GALICIA 2014-2010**

En relaci3n a Resoluci3n do 16 de xu3o de 2017, da Secretar3a Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvenci3ns 3s entidades locais da Comunidade Aut3noma de Galicia para a promoci3n da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xesti3n

compartida ,cofinanciadas polo Fondo Social Europeo ( FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria no ano 2017 ( SI435B, SI435A, SI427B)

A Xunta de Goberno local acorda:

1-Solicitar axudas do Programa de fomento da conciliación nas entidades locais e aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na convocatoria: Medidas ou programas de conciliación (art 6.1.a) Denominación Avia Verán . Total custos directos de persoal .6.492 ,contía solicitada 6.492

Designar para as funcións de coordinación e comunicación coa Secretaría Xeral da Igualdade para aspectos relacionados coa tramitación do expediente a: Justo Fernández Martínez, NIF 444720098B, Traballador social, teléfono 988472403, correo electrónico [servicios sociais@ribadavia.es](mailto:sociais@ribadavia.es)

2- Financiar o custo das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Secretaría Xeral para a Igualdade para a súa completa realización.

**- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INDUSTRIAS CULTURAI E O CONCELLO DE RIBADAVIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS RELACIONADAS COA TRIXÉSIMO TERCEIRA MOSTRA INTERNACIONAL DE TREATRO DE RIBADAVIA.**

Dase conta da firma do convenio con data de 30 de xuño entre o director da Axencia Galega das Industrias Culturais e o alcalde do concello de Ribadavia.

**- APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE CAPATAZ FORESTAL.-**

Tendo resultado vacante o anterior proceso ,por renuncia do candidato seleccionado; en base a Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o concello de Ribadavia, pola que se autoriza a contratación dun capataz, procedese a aprobación dunhas bases para selección de persoal para cubrir unha praza de capataz forestal , reiterando as bases da anterior convocatoria.

No expediente constan os seguintes elementos:

1. Bases de selección asinadas polo Alcalde , as do anterior proceso selectivo.
2. Informe de intervención o do anterior proceso selectivo
3. Informe xurídico o do anterior proceso selectivo.

A Xunta de Goberno Local deliberado sobre o particular acorda por unanimidade dos seus asistentes proceder a aprobación e convocatoria das Bases de selección de persoal laboral temporal para cubrir unha praza de capataz.



**Concello de Ribadavia**

**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non se producen.

E sendo as dez horas e trinta e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

ALCALDE

SECRETARIO

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**